

PLAN DE ACTIVIDADES FÍSICAS E HÁBITOS SAUDABLES

INDICE DO PLAN DE BIBLIOTECA

1. INTRODUCCIÓN	3
1.1. DATOS BÁSICOS DO CENTRO	3
1.2. CONTEXTUALIZACIÓN DO PLAN DE LECTURA NO CENTRO. CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO EDUCATIVO DO CENTRO.....	3
<i>Característica socioeconómicas e culturais do contexto do centro.....</i>	<i>3</i>
<i>Incardinación e contribución do plan ao Proxecto Educativo.....</i>	<i>4</i>
<i>Relación con outros Plans e proxectos do centro.....</i>	<i>4</i>
<i>Contribución do Plan á Programación Xeral Anual do curso 23/24.</i>	<i>4</i>
1.3. BREVE XUSTIFICACIÓN DO MESMO	4
1.4. PROCESO DE ELABORACIÓN	5
2. SITUACIÓN DE PARTIDA	5
3. PLAN DE ACCIÓN	6
3.1. OBXECTIVOS, INDICADORES E ACCIÓN	6
4. AVALIACIÓN DO PLAN	11
5. DIFUSIÓN DO PLAN.....	11

1. INTRODUCCIÓN

1.1. DATOS BÁSICOS DO CENTRO

CEIP JUAN FERNÁNDEZ LATORRE

Dirección: AV. Casanova de Eirís, 26. 15009 A CORUÑA

Tif.: 981133029

E-mail: ceip.fernandez.latorre@edu.xunta.es

Nº ALUMNADO EI: 150

Nº ALUMNADO DE EP: 323

Nº PROFESORADO: 33

1.2. CONTEXTUALIZACIÓN DO PLAN DE ACTIVIDADES FÍSICAS E HÁBITOS SAUDABLES NO CENTRO. CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO EDUCATIVO DO CENTRO

CARACTERÍSTICA SOCIOECONÓMICAS E CULTURAIS DO CONTEXTO DO CENTRO.

Entorno Físico. - O CEIP. Juan Fernández Latorre sitúase no barrio coruñés do Castrillón, ao lado do cemiterio de Santa María de Oza e do Centro Cívico Biblioteca do Castrillón e a Praza de Pablo Iglesias. O recinto sitúase no corazón do barrio, nunha zona chea de dotacións e servizos ben equipada e comunicada.

Nivel Económico. - A poboación da barriada na que se atopa o Colexio corresponde, en liñas xerais, a un estrato socioeconómico de perfil entre medio baixo e medio alto. A zona continúa en expansión e crecemento, as vivendas teñen un prezo non excesivamente elevado, o que fai que sexan habitadas por parellas xoves, en idade de ter fillos para escolarizar, razón pola que a demanda de prazas roza anualmente o 100%, e mantendo unha previsión de aumento a medio prazo, dado as crecentes e inmediatas reformas estruturais que están acontecer nesta zona da cidade, coa urbanización das rúas do entorno, de Eirís e o Parque de Oza. De todos os xeitos trátase dun aumento estable e sostido no tempo. A presenza de familias inmigrantes continúa sendo menor que noutros barrios da cidade e non presentan, de momento, dificultades significativas de integración na vida escolar, nin no barrio.

Nivel Sociocultural. - O nivel sociocultural correspóndese co nivel económico. Abunda a clase obreira, empregados e funcionarios. En canto ao movemento social e cultural do barrio destacamos que é unha zona con moita actividade impulsada principalmente polo Centro Cívico municipal e a súa Biblioteca, tamén pola asociación de veciños IAR, pola asociación folclórica Donaire, e polo ANPA do Colexio. Con todos eles, por

suposto, o noso centro de ensino colabora ano tras ano na promoción e desenvolvemento de diferentes actividades. Toda esta actividade socio cultural tradúcese na sensación de estar nun barrio dinámico onde o traballo conxunto de todas as institucións antes nomeadas e as súas xentes fai que o Castrillón adquira e teña unha identidade propia nos ámbitos sociais, educativos e culturais da cidade de A Coruña, que ademais conta con recoñecemento social.

INCARDINACIÓN E CONTRIBUCIÓN DO PLAN AO PROXECTO EDUCATIVO.

O Plan de Actividades Físicas e Hábitos Saudables ten como finalidade fomentar a práctica do deporte e de exercicio físico durante a xornada escolar e a promoción dunha vida activa, saudable e autónoma.

RELACIÓN CON OUTROS PLANS E PROXECTOS DO CENTRO

O Plan de Actividades Físicas e Hábitos Saudables relacionarase cos demais plans e proxectos do Centro, tendo en conta o currículo e os temas transversais.

CONTRIBUCIÓN DO PLAN Á PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL DO CURSO 23/24.

O Plan de Actividades Físicas e Hábitos Saudables vai influír en distintos aspectos na programación xeral do vindeiro curso, aparecendo reflectidos no Plan de acción distintos compromisos de formación e de actuacións que terán que ter a súa cabida na PXA.

1.3. BREVE XUSTIFICACIÓN DO MESMO

A normativa aplicable en relación ao Plan de Actividades Físicas e Hábitos Saudables do noso centro é a seguinte:

- Orde do 30 de maio pola que se desenvolve o Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

- DECRETO 155/2022, de 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

1.4. PROCESO DE ELABORACIÓN

O equipo encargado de realizar o Plan de actividades físicas e hábitos saudables estivo formado polos membros do Equipo Actividades Complementarias e Extraescolares.

Fixemos reunións de todo o equipo para establecer as liñas xerais. A elaboración dos traballos fíxose por ciclos por lle dar un carácter máis eficiente ao proceso, e logo puxéronse en común e rectificáronse co grupo ao completo, recollendo as achegas do profesorado dos distintos ciclos.

2. SITUACIÓN DE PARTIDA

2.1. INFRAESTRUTURA, EQUIPAMENTO E SERVIZOS DIXITAIS

O CEIP Juan Fernández Latorre está dotado actualmente cun salón de actos que é empregado polo equipo de Infantil nas horas de psicomotricidade. Ademais contamos cun ximnasio empregado polo ciclo de Educación Primaria.

En canto ao exterior, o centro está dotado de varios patios cubertos e pistas ao aire libre. Ademais dunha zona de campo, que é utilizada polo alumnado de Infantil e do 1º ciclo de Primaria nos recreos. Conta tamén cun Polideportivo Municipal de nova creación ao lado do colexio do que solicitamos a súa utilización ao Concello pero que ata o momento non nos concedeu.

3. PLAN DE ACCIÓN

3.1. OBXECTIVOS, INDICADORES E ACCIÓN

OBXECTIVO 1 :	Impulsar o desenvolvemento harmónico e integral do corpo a través da realización de xogos e deporte.			Acadado		
Responsable:	Mestras de Infantil e especialistas.			Non acadado		
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Participación nos xogos na hora de lecer.					
Valor de partida:	O xogo no recreo é libre.					
Valor previsto e data:	80% de participación nos xogos propostos.		80% de participación nos xogos propostos.			
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1 Realización de patios inclusivos mediante diferentes xogos	Mestras de Infantil e especialistas	Todo o ano	Cordas, aros, pelotas...	Organización de xogos na hora de lecer.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2 Utilización da aula de usos múltiples para a realización de psicomotricidade, dúas sesións semanais.	Mestras de apoio	Todo o ano	Aros, pelotas, zancos, túneles, bolos...	Realizáronse dúas sesións semanais de psicomotricidade.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3 Realización de xogos por parte do voluntariado miúdo de primaria	Mestras de Infantil e especialistas	Datas sinaladas	Os que consideren os nenos/as que propoñen a actividade	Participación do Voluntariado Miúdo.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

OBJETIVO 2 :						
OBJETIVO 2 :		Crear hábitos saudables nos neno/as relacionados coa alimentación para unha adecuada utilización ao longo da vida.			Acadado	
Responsable:		Mestras de Infantil			Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBJECTIVO:		Porcentaxe de alumnado que trae merendas saudables.				
Valor de partida:		60% do alumnado xa trae merendas saudables.				
Valor previsto e data:		90% do alumnado		90% do alumnado		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO2.1 Introducir progresivamente merendas saudables	Mestras de Infantil	Todo o ano	Colaboración de nais e pais co titor/a para, no recreo traer merendas axeitadas	Solicitud de merendas saudables ás familias.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
					Aprazada	
					Pendente	

OBJECTIVO 3 :							
OBJECTIVO 3 :	Promover xogos activos durante o tempo de lecer					Acadado	
Responsable:	Titores Primaria					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Porcentaxe de alumnado que participa en xogos activos.						
Valor de partida:	60% de alumnado participa en xogos que implican actividade física.						
Valor previsto e data:	90% de alumnado participa en xogos que implican actividades física			90% de alumnado participa en xogos que implican actividades física			
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO		
AO3.1 Observar a que xogan no recreo para analizar as súas preferencias	Todo o profesorado	Primeiro trimestre	Táboa de rexistro	Realízase un rexistro para avaliar as preferencias de xogo.	Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO3.2 Comprar material necesario para o desenvolvemento de xogos activos (cordas, pelotas...)	Equipo de Educación Física	Primeiro trimestre	Materiais	Adquisición de material para os xogos.	Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO3.3 Diseñar espazos onde se poidan realizar os diferentes xogos e distribuír grupos	Todo o profesorado	Primeiro trimestre	Materiais para sinalizar	Organización de espazos.	Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

OBJECTIVO 4 :						
OBJECTIVO 4 :	Fomentar para as merendas no recreo e o consumo de alimentos saudables, especialmente a froita e froitos secos.				Acadado	
Responsable:	Todo o Claustro.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Porcentaxe de alumnado que trae merendas saudables.					
Valor de partida:	20% do alumnado xa trae este tipo de merendas.					
Valor previsto e data:	60% do alumnado		60% do alumnado			
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO4.1.:Sensibilizar sobre a importancia do consumo de froita e outros alimentos saudables.	Todo o Claustro.	1º trimestre	Material funxible.	Realización de charlas explicativas sobre a importancia dunha alimentación saudable.	Realizada	
				Creación e colocación, polas aulas e os corredores, de carteis para a promoción de hábitos saudables.	Aprazada	
					Pendente	
AO4.2.: Comprobar o número de alumnado que trae este tipo de merendas diariamente.	Alumnado encargado de cada aula	2º e 3º trimestre	Follas de rexistro	Aumento da porcentaxe respecto á primeira mostra.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.3.: Agasallar as aulas co maior consumo de froito.	Equipo Directivo	Final de curso	Agasallos: cestas de froitas ou outros produtos que as conteñan.	Entrega de agasallos.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

OBJECTIVO 5 :					
Iniciar ao alumnado de 3º ciclo de E.P. en técnicas de primeiros auxilios.					Acadado
Responsable: Equipo de 3º ciclo, Equipo Directivo, Recursos Externos ao centro.					Non acadado
INDICADOR/ES DO OBJECTIVO: Organización de actividades para a introdución do alumnado en técnicas de primeiros auxilios.					
Valor de partida: Ausencia de actividades relacionadas con esta temática nos últimos cursos.					
Valor previsto e data: Organización dunha charla informativa complementada coa labor do profesorado titor e o mestre especialista en Educación Física.					
ACCIÓNS A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO
AO5.1.: Organizar charlas informativas sobre as nocións básicas de primeiros auxilios.	Equipo Directivo. Recursos Externos. Equipo 3º ciclo.	Ao finalizar o curso.	- Charlas informativas e prácticas. - Recursos Externos.	Breve enquisa sobre nocións básicas expostas na formación.	Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO5.2.: Sensibilizar sobre os riscos que supoñen determinadas actividades físicas e deportivas e procura de solucións como pode ser o teléfono de urxencias 112.	Equipo Directivo. Recursos Externos. Equipo 3º ciclo.	Ao finalizar o curso.	- Charlas informativas e prácticas. - Recursos externos.	Breve enquisa sobre nocións básicas expostas na formación.	Realizada
					Aprazada
					Pendente
					Realizada
					Aprazada
					Pendente



4. AVALIACIÓN DO PLAN

O plan, a súa posta en marcha e a valoración dos resultados acadados, será avaliado ao remate de cada trimestre do curso. Nesta avaliación propoñeranse medidas de mellora no caso de se detectar erros no plan, na súa temporalización o nos resultados acadados. Para realizar este proceso reunirse o equipo de A.C. E., que valorará, en función dos datos recollidos entre o alumnado e o profesorado previamente, o nivel de cumprimento dos indicadores de logro. Ao remate do curso se realizará unha avaliación final dos logros acadados na realización deste plan, valorarase o nivel de cumprimento dos obxectivos e se propoñerán os xeitos de mellorar a consecución dos mesmos.

Esta avaliación final será realizada polo equipo de A. C. E., que remitirá o seu informe para o estudo e aprobación por parte do claustro de mestres.

5. DIFUSIÓN DO PLAN

O plan publicarase na páxina web do centro. Así mesmo, nas reunións iniciais de curso, e nas de trimestre, se incluírá este punto de información do plan de Actividade física e hábitos saudables nas ordes do día das reunións. Tamén se elaborará un informe final dos obxectivos acadados do plan que reflectirase na Memoria final de curso.

A Coruña, de 22 Setembro de 2023